

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A "COOPERATIVA DE ARMADORES DE PESCA DEL PUERTO DE VIGO, SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA", PARA ORGANIZACIÓN DA "IX CONFERENCIA INTERNACIONAL ARVI SOBRE EL FUTURO DE LA PESCA E A IV EDICIÓN DO FESTIVAL ARVI DO PEIXE-VIGOSEAFEST 2022"**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten formalizado coa Cooperativa de Pesca del Puerto de Vigo, Sociedad Cooperativa Gallega o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 24 de marzo ata o 30 de novembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) para a realización de diversas accións de promoción do sector e mellora da comercialización coa organización da "IX Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca e a IV edición do festival ARVI do peixe-VIGOSEAFEST 2022".

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son ás seguintes:

1 "IX Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca":

A) Por parte de ARVI:

- Promoción da asistencia dos principais distribuidores de peixe de España, dado que o sector da distribución é o principal motor de atracción do resto de empresas da cadea de subministracións.





- Organización previa do evento.
- Elaboración, edición e distribución da documentación.
- Xestión da axenda dos poñentes.
- Dirección técnica, produción e comunicación.

B) Por parte da Consellería do Mar:

- Apoio á organización do evento (que inclúe gastos de persoal, medios audiovisuais, edición de programas, loxística, etc.).
- Apoio á calidade dos contidos do Congreso a través da programación de poñentes de recoñecido prestixio.

2 " IV Festival ARVI do Peixe- VIGO SEAFEST 2022"

A) Por parte de ARVI:

- Organización de obradoiros e actividades lúdicas.
- Promoción e difusión do evento.
- Xestión do espazo gastronómico.
- Montaxe e xestión de stands.

B) Por parte da Consellería do Mar:

- Apoio á organización de obradoiros gastronómicos e actividades lúdicas.
- Apoio á promoción e difusión do evento.
- Apoio á organización do evento (que inclúe gastos de persoal, medios audiovisuais, stands, mobiliario, servizos xerais, espazos gastronómicos etc...).



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

A "Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, Sociedad Cooperativa Gallega" (en diante, ARVI) é una institución que representa a todos os segmentos da flota e que exerce a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia. ARVI e as asociacións que a integran constitúen o grupo de armadores de buques pesqueiros máis importante de España e un dos máis importantes da U.E. Desenvolve para o sector actividades de formación, prevención de riscos laborais e promoción da investigación, desenvolvemento e innovación, entre outras, e ten, entre os seus fins, a promoción de especies (promover o valor engadido e a calidade das especies pesqueiras) e prospección de novos mercados para a introdución de novas especies. Neste liña de actuacións está a organización da "IX Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca e a IV edición do festival ARVI do peixe-VIGOSEAFEST 2022".

Que por canto a Consellería do Mar e ARVI están interesados na potenciación dos produtos da pesca en Galicia así como na mellora da situación socioeconómica das xentes



que viven desta actividade, polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das especies e prospección de novos mercados.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela